

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 10/2022

SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE XUÑO DE 2022

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. **Actas anteriores:** Ordinaria do 25 de maio de 2022

Declaracións institucionais.

2. Declaración Institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI 28 de xuño 2022. Expte. Pleno 3439/1101.

Ditames das comisións informativas:

FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN

3. Aprobación inicial da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil. Expte. 2887/500 (Expediente Pleno 3448/1101).
4. Aprobación da Conta Xeral do Concello de Vigo e do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao ano 2021. Expte. 216/143 (Expediente Pleno 3452/1101).

ECONOMÍA, EMPRESA, PROXECTOS, EMPREGO E COMERCIO

5. Proposta para solicitar da Consellería de Economía, Empresa e Industria a declaración de determinadas áreas do municipio de Vigo como Zona de Gran Afluencia Turística. Expediente 8743/106 (Expte. Pleno 3454/1101).

Mocións:

6. Moción do concelleiro membro non Adscrito pola mellora das condicións salariais e laborais do persoal do Servizo de Axuda no Fogar. Expte. Pleno 3449/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 1 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Moción do grupo municipal Mixto sobre a implantación de políticas de defensa dos dereitos das persoas LGTBI+ no ámbito local. Expte. 3463/1101.
8. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Goberno central a transferir o antes posible á Xunta de Galicia a xestión de tódalas competencias en materia de dominio público marítimo-terrestre. Expte. Pleno 3464/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a non suspender ningún servizo sanitario dos que se prestan en Atención Primaria e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3465/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a implantar de forma inmediata nos xulgados de instrución de Vigo as gardas de 24 horas e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3466/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a contribuír economicamente á reforma do Estadio Municipal de Balaídos na mesma proporción que o Concello de Vigo e Deputación de Pontevedra. Expte. 3467/1101.
12. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a introducir unha partida de 3 millóns de euros anuais empezando polo orzamento do próximo ano para a renovación de tódalas pistas polideportivas dos colexios da cidade de Vigo. Expte. Pleno 3468/1101.
13. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a facer, urxentemente, unha revisión das estruturas de tódolos edificios escolares da cidade de Vigo e outros acordos complementarios. Expte. 3469/1101.

PARTE DE CONTROL

14. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 14.05 ao 16.06.22. Expte. 1238/1102. (Expte.Pleno 3461/1101).
15. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 14.05 ao 16.06.22. Expte. 1239/1102. (Expte.Pleno 3462/1101).
16. Dar conta da modificación da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal. Expte. 601/1102. (Expte. Pleno 3433/1101).
17. **Formulación de rogos.**
18. **Formulación de preguntas.**



Copia do documento - Concello de Vigo
3490-1101

Data impresión: 14/12/2022 09:50 | Páxina 2 de 52
CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
 Aguiar Castro Yolanda
 Aneiros Pereira Jaime
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores
 Caride Estévez María José
 Espinosa Mangana Elena
 Estévez Rodríguez Pablo Luis
 Fernández Pérez José Manuel
 Gómez Díaz Gorka
 Iglesias González Ana Laura
 Lago Barreiro María del Carmen
 López Font Carlos
 Losada Alvarez Abel Fermín
 Mejías Sacaluga Ana Maria
 Pardo Espiñeira Francisco Javier
 Rivas González Ángel
 Rodríguez Calviño Patricia
 Rodríguez Díaz Santos Héctor
 Rodríguez Rodríguez Nuria
 Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota
 Egerique Mosquera Teresa
 López Román Patricia
 Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
 Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e nove de xuño do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Adxunta, dona Olga Gomez Corbal.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.(112) ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 25 DE MAIO DE 2022

VOTACIÓN E ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 3 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta ordinaria do 25 de maio de 2022.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.(113) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI 28 DE XUÑO 2022. EXPTE. PLENO 3439/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 3 de xuño, número 3439/1101, a proposta do voceiro do Grupo Mixto (Marea de Vigo) preséntase, para a súa inclusión no pleno ordinario do mes de xuño, a declaración Institucional, co seu texto en galego, proposta pola FEMP con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI.

A concelleira delegada de Igualdade propón para a súa lectura a D. Jose Manuel Calvo Iglesias.

De seguido transcríbese o texto en galego da declaración:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI 28 DE XUÑO DE 2022

"Os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos sen distinción ningunha. Os dereitos LGTBI son e serán sempre dereitos humanos. Debemos traballar por un mundo de absoluta tolerancia, liberdade e igualdade.

O vindeiro 28 de xuño celébrase o Día Internacional de Lesbianas, Gais, Bisexuais, Transexuais, Transxénero e Intersexuais. Conmemórase en todo o mundo os feitos acaecidos na noite do 28 de xuño de 1969 no pub Stonewall, situado no barrio neiorquino de Greenwich Village. Estes feitos deron orixe e son considerados como o catalizador do movemento internacional polo recoñecemento dos dereitos das persoas LGTBI e que se conmemora dende o 1970.

Este día lémbrenos a importancia de seguir construíndo sociedades máis tolerantes que convivan en diversidade e promovan o cumprimento dos dereitos vulnerados das persoas LGTBI.

Esta é unha xornada para seguir mobilizándose por unha sociedade diversa e respectuosa coas diversidades de xénero, capaz de erradicar o odio e as discriminacións; para seguir profundizando na democracia e os seus dereitos.

Debemos traballar por un mundo de absoluta tolerancia, liberdade e igualdade. Avanzouse, pero cómpre seguir no empeño e iso require tempo, esforzo e perseveranza. Temos que denunciar a homofobia incluso se se presenta como diversión inocua ou un trato cultural aceptado. É discriminación e debemos, como axentes responsables, loitar contra ela e empeñarnos en lograr Cidades libres e igualitarias.

Desde as Institucións debemos asegurar a igualdade efectiva de todas as persoas LGTBI e das súas familias, como elemento esencial dunha boa convivencia para o progreso e o desenvolvemento social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 4 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

É a nosa obriga frear os discursos do odio que desde hai algún tempo se veñen escoitando, facendo de muro para concienciar á sociedade para que todas as persoas, sen importar a súa identidade ou orientación sexual, poidan exercer, sen medo e con respecto, todas as facultades e dereitos que lles corresponden como cidadáns e cidadás de pleno dereito.

Neste sentido en marzo do ano pasado, o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución contundente onde se declaraba que a Unión Europea é zona de liberdade para as persoas LGTBI e que non se tolerará a retórica perigosa e discriminatoria que impide que millóns de cidadáns e cidadás vivan libremente.

Somos os concellos, deputacións provinciais, cabildos e consellos insulares, institucións máis preto da cidadanía e garantes dunha acción local clara pola igualdade e a defensa da convivencia, con independencia da raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Por todo iso desde o Concello de Vigo:

- Adherímonos a esta declaración e nos sumamos na defensa nítida do dereito á plena igualdade, á dignidade e ao libre desenvolvemento da identidade sexual e/ou de xénero.

- Mostramos o noso compromiso de continuar na promoción de actitudes e políticas que favorezan a concienciación social para un efectivo cambio de mentalidade que erradique as actitudes LGTBIfóbicas e seu rexeitamento.

- Cremos indispensable tecer e conseguir amplos consensos para que se adopten as medidas necesarias, tanto lexislativas como administrativas e doutra índole, para prohibir e eliminar o trato discriminatorio baseado na orientación sexual ou na identidade de xénero en calquera ámbito da administración e mellorar así a lexislación vixente.

- Manifestamos a nosa especial preocupación polos múltiples casos documentados internacionalmente que poñen de manifesto, aínda hoxe, a criminalización nalgúns países da homosexualidade e transexualidade, privación de dereitos e discriminación legal, así como a impunidade destes crimes."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.(114) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. EXPTE. 2887/500 (EXPEDIENTE PLENO 3448/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 5 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES: Con data 10 de maio do 2022, a técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta

"1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e p rezos públicos.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de axuda á familia e á convivencia familiar.
- Lei 7/2019 de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 4/2021 de 28 de xaneiro de medidas fiscais e administrativas que modifica a Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG Nº 251 de 31/12/2021) que modifica a Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 31 de marzo de 2021 aprobouse a última modificación das tarifas da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil (expediente 2714/500) no que se declaraba a bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza a un segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.

Segundo.- Con data 21 de marzo de 2022 o Ser. Concelleiro de Educación solicita a modificación da presente ordenanza coas seguintes finalidades

1. Que de maneira explícita se declare que as cotas do artigo 4 da Ordenanza non terán efectividade para os usuarios e o seu obxecto é a transparencia no cálculo da compensación á que se obriga a Comunidade Autónoma en virtude da modificación da Lei de Servizos Sociais de Galicia (Disposición adicional novena).
2. Que quede constancia expresa de que continúa sendo gratuíta a prestación dos servizos de manutención e de orientación nas Escolas Infantís Municipais.

Terceiro.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 4/4/2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 6 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

Os tributos, ademais de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

A presente modificación da Ordenanza destas taxas realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

A modificación proposta consiste en incluír un apartado 1 no artigo 3 da Ordenanza do seguinte tenor literal

"1. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas no artigo 4 da presente ordenanza a todas as nenas e nenos que reciban atención educativa nas escolas municipais de primeira etapa de educación infantil. Continúan excluídas das taxas reguladas na presente ordenanza as prestacións consistentes en manutención e orientación".

A disposición adicional novena da Lei 13/2008, de tres de decembro, de servizos sociais de Galicia establece entre outros extremos o seguinte:

"No caso de que as entidades locais teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá alcanzar unha contía equivalente á derivada do aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustifiquen a aplicación da bonificación do 100 % da contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se atopen en cada momento en vigor, e será a cargo das entidades locais a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas.

Para os efectos do disposto nesta disposición, respecto das entidades locais que opten pola aplicación da bonificación establecida, entenderase que existen razóns de interese público que permiten fixar a contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias por debaixo do límite do custo do servizo.

Segundo o anterior, tendo en conta que as tarifas establecidas na presente ordenanza non serán de aplicación aos usuarios/as pero sí serán relevantes para o cálculo da compensación que fixa a citada disposición adicional para o concello, figurarán no artigo 4 polo importe idéntico ao vixente nas escolas infantís de titularidade autonómica na data de entrada en vigor da Lei 7/2019 de medidas fiscais e administrativas (DOG 27/12/2019) que modificou a citada Lei de servizos sociais de Galicia. (Os importes constan no presente expediente en documento anexo).

A Consellería competente en materia de servizos sociais compensaría ao concello por importe de 373.785 euros dos que 259.585 euros corresponderían a aplicación da citada disposición adicional novena da Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e 124.200 euros (13.800 euros por cada escola) recollidos no Plan Concertado da Consellería de Política Social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 7 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Compre deixar constancia de que segundo o estudo económico que obra no expediente, o importe total do custo do servizo de Escolas Infantís supón ao Concello de Vigo no presente ano 2022 2.755.303, 10 euros. En consecuencia a compensación da comunidade autónoma acadaría un 14% do custe do servizo.

A regulación das taxas contidas na presente Ordenanza ten o seu marco legal no disposto nos Artigos 20 a 27 do TRLRFL.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente do orzamento de ingresos do Concello.

A bonificación do 100% prevista na presente modificación da ordenanza, supoñendo a súa entrada en vigor o 1 de setembro reduciría a partida 31200 do presuposto de ingresos do presente ano 2022 en 97.000€ ascendendo a previsión da compensación autonómica a 43.000 euros. En consecuencia a minoración de ingresos no vixente presuposto con motivo do presente expediente ascendería á cantidade de 54.000 euros.

5. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *"cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública"* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: *"o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia"*.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que "de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto"*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 8 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobado o seguinte Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal:

ORDENANZA Nº 23:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 9 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL.

ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

1. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas no artigo 4 da presente ordenanza a todas as nenas e nenos que reciban atención educativa nas escolas municipais de primeira etapa de educación infantil. Continúan excluídas das taxas reguladas na presente ordenanza as prestacións consistentes en manutención e orientación.

2. Para a aplicación da compensación que corresponde ao Concello a cargo da consellería competente en materia de servizos sociais prevista na disposición adicional novena apartados 2 e 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese o mesmo baremo que a Comunidade Autónoma para a determinación dos supostos de exención:

Estarán exentos/as os nenos e nenas pertencentes a familias con renda per cápita da unidade familiar inferior ao 50% do Indicador publico de renda de efectos múltiples IPREM (Decreto 49/2012, de 19 xaneiro da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería, modificado por Decreto 91/2014, de 17 de xullo)

3 (suprímese)

4 (suprímese)

ARTIGO 4.- COTAS

As cotas tributarias relacionadas no presente artigo non serán de aplicación ás persoas usuarias pois segundo o disposto no artigo 3 anterior todas as nenas e nenos que reciban atención educativa nas escolas infantís municipais gozaran de bonificación do 100%

Por outro lado, continua sendo gratuíta a prestación dos servizos de manutención e de orientación nas escolas infantís municipais.

Non obstante o anterior, para a aplicación da compensación que corresponde ao Concello a cargo da consellería competente en materia de servizos sociais prevista, na disposición adicional novena apartados 2 e 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécense as mesmas contías para atención educativa que as vixentes nas escolas infantís de titularidade autonómica na data de entrada en vigor da Lei 7/2019 de medidas fiscais e administrativas (DOG de 27/12/2019) que modificou a citada Lei de servizos sociais de Galicia:

Nenas e nenos pertencentes a familias con renda per cápita da unidade familiar

Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% 34,91 €

Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% 69,81 €

Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% 112,13 €

Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% 133,29 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/12/2022 09:50

Páxina 10 de 52

3490-1101

CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Entre o 150% do IPREM e o 200% 147,05 €

Superiores ao 200% do IPREM 169,26 €

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO (suprímese)

ARTIGO 6.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S (suprímese)

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. Esta modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte ACORDO...."

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 13.05.2022, o Tribunal Económico Administrativo emite acordo favorable.

O 20 de maio do 2022, o Interventor xeral emite informe de fiscalización, que di o que segue,

"Remitido á Intervención Xeral expediente relativo ao asunto referido ao obxecto da realización do preceptivo control interno de conformidade co previsto no artigo 214 RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 4.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, con carácter previo á adopción do correspondente acordo, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

INFORME:

Primeiro. Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLFL), artigos 15 a 19.
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en diante RDCI).
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (en diante LXT), Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación. (en diante RXR), e Real Decreto 1.065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 11 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos (en diante RXXI).

- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, modificada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, de Modificación do Réxime das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter público (en diante LTPP)
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEOSF)
- Regulamento Orgánico do Pleno.

Segundo. Carácter e contido do informe de intervención.

O control interno da actividade económico- financeira do sector público local exercerase polo órgano interventor mediante o exercicio da función interventora e o control financeiro (artigos 213 do TRLHL e 3 RDCI).

A súa vez, o control financeiro da actividade económico-financiera do SPL exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública (artigo 29.1 RDCI). Ambas as modalidades incluírán o control de eficacia, que consistirá en verificar o grao de cumprimento dos obxectivos programados, do custo e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O control permanente exercerase sobre a Entidade Local con obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financiera do SPL axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental (artigo 29.2 RDCI).

Os traballos de control permanente realizaranse de forma continuada e incluírán, entre outras, as actuacións consistentes na verificación do cumprimento da normativa e procedementos aplicables aos aspectos da xestión económica aos que non se estende a función interventora (artigo 32.1 a) RDCI).

En definitiva, como queira que a modificación das ordenanzas, fiscais ou non, constitúe un aspecto da xestión económica que non supón directamente o recoñecemento dun dereito ou ingreso, ou a realización dun gasto, o presente expediente non se atopa sometido a fiscalización previa, pero si tanto a control financeiro na súa modalidade de control permanente, como a control de eficacia, debendo verificarse no exercicio das devanditas modalidades de control interno tanto que a proposta exposta axústase ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, como que o procedemento seguido é o aplicable conforme á lexislación vixente, a avaliación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como calquera outros aspectos da xestión económica ou financeira.

Terceiro. Documentos que integran o expediente.

- Orde de inicio do expediente asinada o 4 de abril de 2022 polo concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda.
- Estudio económico do custo do servizo asinado o 6 de maio de 2022 pola Adxunta á Directora de Ingresos e pola Directora de Ingresos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 12 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Texto vixente e nova redacción proposta da correspondente ordenanza fiscal (trámite 33)
- Informe de impacto de xénero asinado pola xefa de Igualdade.
- Informe-proposta asinado o 10 de maio de 2022 pola técnica xurídica da Dirección de Ingresos e pola directora de ingresos, e conformado polo Sr. concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Extracto da acta da sesión extraordinaria e urxente número 2022/05 do día 13 de maio de 2022 no que se presta conformidade á proposta de modificación plantexada.

Cuarto. Modificación proposta.

A modificación proposta consiste en incluír un apartado 1 no artigo 3 da Ordenanza que recolle unha bonificación do 100% nas taxas reguladas no artigo 4 a todas as nenas e nenos que reciban atención educativa nas escolas municipais de primeira etapa de educación infantil, se ben tendo en conta que as tarifas establecidas na ordenanza non serán de aplicación aos usuarios/as pero sí serán relevantes para o cálculo da compensación que fixa a disposición adicional novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, figurarán no artigo 4 polo importe idéntico ao vixente nas escolas infantís de titularidade autonómica na data de entrada en vigor da Lei 7/2019 de medidas fiscais e administrativas (DOG 27/12/2019) que modificou a citada Lei de servizos sociais de Galicia.

Quinto. Consideracións xurídicas.

1.- A novo texto proposto integra o contido mínimo esixido no artigo 16 do TRLRHL: A nova redacción das normas afectadas, e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

2.- En cumprimento do disposto no apartado 2 do artigo 24 do TRLRFL, verificouse que no expediente consta un estudo económico elaborado por persoal técnico municipal no que se acredita que os ingresos totais previstos derivados da taxa en cuestión non exceden, no seu conxunto, do custo real ou previsible derivado da prestación do servizo, financiándose as diferencias con ingresos non finalistas procedentes doutras fontes de ingresos municipais.

3.- Consta informe ou ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.

4.- En canto ao fondo do asunto, o artigo 9 do TRLFL dispón que: *"Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais. Con todo, tamén poderán recoñecerse os beneficios fiscais que as entidades locais establezan nas súas ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos pola lei ..."*, e o apartado 4º do artigo 24 da citada Lei establece que: *"Para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas"*.

A estes efectos a D.A. 9ª da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece, entre outros extremos, o seguinte:

"En caso de que las entidades locales hayan implantado para la atención educativa un sistema de copago en cuantía superior a la derivada del régimen de precios establecido por la Xunta de Galicia para las escuelas infantiles de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 13 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

titularidad autonómica, el importe de la compensación regulada en el párrafo anterior sólo podrá alcanzar una cuantía equivalente a la derivada del aludido régimen de precios, siempre que aquellas justifiquen la aplicación de la bonificación del 100 % de la cuantía de los precios públicos o contraprestaciones pecuniarias que se encuentren en cada momento en vigor, y será a cargo de las entidades locales la cuantía de la bonificación en lo que exceda de la cantidad compensada por la Administración autonómica, debiendo consignarse en los presupuestos de la entidad local las dotaciones oportunas.

A los efectos de lo dispuesto en esta disposición, respecto de las entidades locales que opten por la aplicación de la bonificación establecida, se entenderá que existen razones de interés público que permiten fijar la cuantía de los precios públicos o contraprestaciones pecuniarias por debajo del límite del coste del servicio.”.

Polo tanto a bonificación recollida ten o necesario amparo legal.

Sexto. Incidencia nos gastos ou ingresos públicos.

Conforme ao disposto no apartado 7º do artigo 129 da LPAC, cando a iniciativa normativa afecte os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberanse cuantificar e valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Segundo o informe-proposta incorporado no expediente: *"A bonificación do 100% prevista na presente modificación da ordenanza, supoñendo a súa entrada en vigor o 1 de setembro reduciría a partida 31200 do presuposto de ingresos do presente ano 2022 en 97.000€ ascendendo a previsión da compensación autonómica a 43.000 euros. En consecuencia a minoración de ingresos no vixente presuposto con motivo do presente expediente ascendería á cantidade de 54.000 euros.”.*

Se temos en conta as magnitudes máis representativas da situación financeira do Concello de Vigo obtidas das liquidacións dos orzamentos dos últimos exercicios:

	2019	2020	2021
Remanente de Tesourería Gastos Xerais	92,057,012.48	119,938,165.10	135,729,808.36
Aforro Neto Legal art. 53 LRFL	34,394,145.71	47,499,513.10	51,899,337.79
Resultado orzamentario	29,002,681.54	46,094,514.36	54,044,830.93
Estabilidade orzamentaria sen axustes	18,050,760.35		30,408,105.92
Estabilidade orzamentaria con axustes	19,194,092.00		28,816,415.05
Regra de gasto (Teito Gasto - ORN)	16,731,054.03	Suspendida	Suspendida
Acredores pendentes de pagamento	26,151,554.50	22,057,710.34	27,310,488.15
Débeda viva bancaria	0.00	0.00	0.00
Dereitos pendentes de cobro	86,142,656.29	77,627,908.99	66,029,838.72
Tesourería	81,573,730.44	117,055,890.04	149,773,963.81
Autofinanciamento (IC + Icap.NF) - GC	47,254,519.98	52,460,049.84	65,992,665.36

Xunto co valor do PMP, e tendo en conta a suspensión das regras fiscais para o presente exercicio, podemos concluír que coa aprobación da modificación da ordenanza



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 14 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que se propón non se pon en risco nin a estabilidade orzamentaria nin a sustentabilidade financeira do Concello de Vigo.

Sétimo. Procedemento e competencia.

O procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente para a modificación das ordenanzas aparece recollido nos artigos 49 da LRBRL, 15 e seguintes do TRLRFL e no Regulamento Orgánico do Pleno, coas especialidades que se sinalan no título X da LRBRL ("Réxime de organización dos municipios de gran poboación"), sendo o órgano competente o Pleno da Corporación, por maioría simple, previa aprobación do proxecto de modificación da ordenanza pola Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1 a) da LRBRL.

En aplicación do disposto no artigo 90 do Regulamento Orgánico do Pleno unha vez aprobado o proxecto pola Xunta de Goberno Local, concederase aos grupos políticos municipais o prazo indicado no citado precepto para que poidan presentar emendas ao artigado ou a totalidade. Para o caso de que o proxecto fora emendado, as emendas deberán ser incorporadas ao proxecto que deberá someterse novamente a Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

Conclusións.

En consecuencia, esta Intervención non aprecia incumprimentos da normativa vixente polo que pode continuarse coa tramitación do expediente 2887-500."

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 26.05.2022, acorda aprobar dita proposta.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, non se presentou ningunha.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 22.06.2022, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar inicialmente a "MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL" (23).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 15 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas no artigo 4 da presente ordenanza a todas as nenas e nenos que reciban atención educativa nas escolas municipais de primeira etapa de educación infantil. Continúan excluídas das taxas reguladas na presente ordenanza as prestacións consistentes en manutención e orientación.

2. Para a aplicación da compensación que corresponde ao Concello a cargo da consellería competente en materia de servizos sociais prevista na disposición adicional novena apartados 2 e 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese o mesmo baremo que a Comunidade Autónoma para a determinación dos supostos de exención:

Estarán exentos/as os nenos e nenas pertencentes a familias con renda per cápita da unidade familiar inferior ao 50% do Indicador publico de renda de efectos múltiples IPREM (Decreto 49/2012, de 19 xaneiro da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería, modificado por Decreto 91/2014, de 17 de xullo)

3 (suprímese)

4 (suprímese)

ARTIGO 4.- COTAS

As cotas tributarias relacionadas no presente artigo non serán de aplicación ás persoas usuarias pois segundo o disposto no artigo 3 anterior todas as nenas e nenos que reciban atención educativa nas escolas infantís municipais gozaran de bonificación do 100%

Por outro lado, continua sendo gratuíta a prestación dos servizos de manutención e de orientación nas escolas infantís municipais.

Non obstante o anterior, para a aplicación da compensación que corresponde ao Concello a cargo da consellería competente en materia de servizos sociais prevista, na disposición adicional novena apartados 2 e 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécense as mesmas contías para atención educativa que as vixentes nas escolas infantís de titularidade autonómica na data de entrada en vigor da Lei 7/2019 de medidas fiscais e administrativas (DOG de 27/12/2019) que modificou a citada Lei de servizos sociais de Galicia:

Nenas e nenos pertencentes a familias con renda per cápita da unidade familiar

Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% 34,91 €

Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% 69,81 €

Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% 112,13 €

Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% 133,29 €

Entre o 150% do IPREM e o 200% 147,05 €

Superiores ao 200% do IPREM 169,26 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 16 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO (suprímese)

ARTIGO 6.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN (suprímese)

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. Esta modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

4.(115) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2021. EXPTE. 216/143 (EXPEDIENTE PLENO 3452/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 10 de xuño de 2021, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro de Facenda, emite o seguinte informe proposta,

“Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2021, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente por Resolución do 18 de abril de 2022 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 4 de maio de 2022, foi exposta ao público polo prazo que regula o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra nº 88 do 9 de maio, rematando o prazo para presentar reclamacións e alegacións o 31 de maio, e segundo consta na certificación do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local que figura no expediente, no prazo de exposición o público, non houbo reclamación algunha, e ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, sométese á consideración do Pleno da Corporación.

O Ditame da Comisión Especial reflectía que de non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno.

En cumprimento do previsto no artigo 212.5 do TRLRFL coa modificación incorporada pola DF 19 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, unha vez que o Pleno se haxa pronunciado, aprobándoa ou rexeitándoa, remitirase ao ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 17 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para o seu pronunciamento antes do día 1 de outubro.

En execución do anterior, ao non terse presentado reclamacións nin alegacións no prazo de exposición pública que regula o artigo 212.3 do TRLRFL, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo, que é coincidente coa proposta que se formulou a Comisión Especial de Contas...."

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 22.06.22, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

Incidencia. No momento da votación auséntase o Alcalde-presidente e preside a sesión o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

- Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2020), correspondente á Entidade Local, saldo acredor 44.003.367,85 euros e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, saldo acredor 735.555,19 euros, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).
- Aprobar a dotación de amortizacións na entidade por unha contía de 5.956.296,41 euros e 6.046.394,74 euros nos estados consolidados.
- En aplicación do previsto na Base 54ª das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 45.601.430,21 euros na Entidade é 47.283.100,74 euros para os estados consolidados.
- Aprobar a Reclasificación da débeda en relación coa liquidación negativa da cesión de tributos e FCF dos anos 2008/2009 de longo prazo a curto prazo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 18 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

polas compensacións que corresponden ao ano 2022, por una contía de 45.260,92 euros e 175.909,67 euros respectivamente de cada ano.

e) Ditaminar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao ano 2021, composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balance.
- Conta de resultado económico-patrimonial.
- Estado de cambios no Patrimonio Neto.
- Estado de fluxos de efectivo.
- Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.
- Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2021.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais para a súa remisión por procedementos telemáticos para a rendición das contas, coas modificacións introducidas polos Acordos do Pleno do Tribunal de: 30 de xuño de 2009, 20 de xullo de 2010, 3 de maio de 2011, 26 de novembro de 2015, 31 de maio de 2016, 31 de marzo de 2017, texto consolidado aprobado polo Pleno do Tribunal de Contas de 16 de decembro de 2019, aplicable á rendición de Contas Xerais a partir de 2019. así como o Convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das Entidades Locais.

En relación co formato, terase en conta a Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado de data 13 de novembro de 2015.

5.(116) PROPOSTA PARA SOLICITAR DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INDUSTRIA A DECLARACIÓN DE DETERMINADAS ÁREAS DO MUNICIPIO DE VIGO COMO ZONA DE GRAN AFLUENCIA TURÍSTICA. EXPEDIENTE 8743/106 (EXPTE. PLENO 3454/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 10 de xuño de 2021, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro de Facenda, emite o seguinte informe proposto,

"1.- O Concello de Vigo presenta **solicitud de Declaración de Zona de Gran Afluencia Turística** para dar cumprimento ao disposto no artigo 5º.5 da Lei 1/2004, de 21 de decembro, de horarios comerciais, nos termos previstos no artigo 9º da Lei 13/2006, de horarios comerciais de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 19 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Con data 25 de febreiro de 2022 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello), doc. 220041804, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Economía, Empresa e Industria da Xunta de Galicia comunica que:

1. A *Declaración de Zona de Gran Afluencia Turística do Concello de Vigo, aprobada en data 15 de xullo de 2016 (DOG Nº 138 , de 21 de xullo de 2016), está caducada, ao dispor dunha vixencia de 5 anos, de acordo co artigo 9º.5 da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.*
2. *Tras os últimos datos de pernoctacións publicados polo INE con data 25 de xaneiro de 2022, o Concello de Vigo estaría no suposto previsto no artigo 5.5 da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, que establece que "en todo caso, **os concellos con máis de 100.000 habitantes que teñan rexistrado máis de 600.000 pernoctacións no ano inmediatamente anterior** ou que contén con portos nos que operen cruceiros turísticos que teñan recibido no ano inmediato anterior máis de 400.000 pasaxeiros, declarárase, polo menos, unha zona de gran afluencia turística".*
 - **Pernoctacións ano 2021 na cidade de Vigo: 654.089 pernoctacións.**

3. *De conformidade co artigo 5.5 da Lei 1/2004, "se no prazo de seis meses a partir da publicación destes datos, as Comunidades Autónomas competentes non tiveran declarado algunha zona de gran afluencia turística no concello no que concorran as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior, entenderase declarada como tal a totalidade do concello, e os comerciantes disporán de plena liberdade para a apertura dos seus establecementos durante todo o ano".*

3. A tal fin e durante o desenvolvemento das diversas reunións de traballo tendentes a unha proposta consensuada para determinar as Zonas de Gran Afluencia Turística, e previa exposición e recoñecemento por parte de todos os actores dos grandes cambios acadados na cidade durante este último período de 6 anos, destacando en particular, o importante posicionamento da cidade no sector servizos e destino turístico de referencia; conquerindo a desestacionalización das principais tempadas turísticas, xunto ao importante retorno socio-económico de diversas actividades congresuais e feirais como Conxemar, Navalía, así como as culturais e de ocio como a Reconquista, Semana Santa, Marisquiño, Sea Fest, e en particular o Nadal.

Unido o anteriormente exposto á necesidade do sector de adaptarse aos cambios de consumo derivados do notable incremento da venda online, e, en consecuencia, á necesidade de acadar resposta á maior demanda de servizos; constátase por parte das entidades máis representativas do sector as seguintes posicións contrapostas:

* **Por parte dos sindicatos máis representativos do ámbito territorial** (UGT, CCOO, CIG), proclives a manter o consenso acadado nos 6 anos, motivando este criterio na necesidade de xerar máis calidade e menor precariedade do emprego, xunto coa defensa da estabilidade do emprego do pequeno comercio polo miúdo e conciliación laboral e familiar.

* **Por parte das entidades asociativas e agrupacións de comerciantes polo miúdo seguintes:** Calvario, Travesas, Navia, Torrecedeira, Náutico, Bouzas, Teis, Hosteleiros e Comerciantes Casco Vello, Federación de Comercio Vigo Comercio, Federación de Entidades y Empresas del Comercio y Servicios de la provincia de Pontevedra, proclives a manter a actual situación pero abertos a posibles propostas de cambio previa presentación e estudio.

Convocáronse pero non asisten ás devandita reunións, as Asociacións de comerciantes do Casco Vello Vigo Hostelería e Comercio, Entorno Xeral, Navia, Pereiró e Príncipe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 20 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

* **Por parte da Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía**, proclive a posicións de consenso e abertos a valorar posibles ampliacións.

* **Por parte das asociacións de consumidores e usuarios** Asociación de Amas de Casa e Consumo (AGARIMO), proclive á posicións de consenso e abertos a valorar posibles ampliacións.

* **Por parte das grandes superficies e hipermercados:** CC Vialia, CC A Laxe, El Corte Inglés, CC Travesas, CC Travesía de Vigo, CC Gran Vía, CC Praza Elíptica, Alcampo, CC Carrefour, CC Camelias, proclives a unha maior flexibilidade do ámbito territorial e horario comercial que posibilite atender as súas necesidades comerciais e os fluxos económicos que demanda a cidade.

* **Por parte doutros colectivos do sector:** Federación provincial de empresarios de hostalería de Pontevedra (FEPROHOS), Asociación de empresarios de hospedaxe de Pontevedra (ASEHOSPO), Hostelería de Vigo -AHOSVI- proclives a unha maior flexibilidade do ámbito territorial e do horario comercial que posibilite atender as súas necesidades e fluxos económicos que demanda a cidade.

4.- Despois das citadas consultas e mesas de traballo acadouse a seguinte proposta de consenso comunicada as devanditas entidades:

"1. Que a zona histórica de Bouzas: o territorio comprendido dentro do ámbito perimetral definido entre a Avda. Atlántida, a rúa Camilo Veiga, a rúa Simancas e a Avda. Beiramar) forme parte da Zona de Grande Afluencia Turística de Vigo.

2. Que parte da zona coñecida como Vigo Histórico: o territorio comprendido dentro do ámbito definido entre as rúas San Francisco, Poboadores, Falperra, Cachamuña, Paseo de Granada, II República, Porta do Sol, Policarpo Sáenz, García Barbón, Pontevedra, rúa Areal, Concepción Areal, Montero Ríos, Cánovas del Castillo ata San Francisco, forme parte da Zona de Grande Afluencia Turística de Vigo.

3. Que ambas zonas de Grande Afluencia Turística poidan abrir todo o ano en horario comercial ata as 22:00 horas".

Así mesmo, remitíuselle a referida proposta a Federación provincial de empresarios de hostalería de Pontevedra (FEPROHOS), Asociación de empresarios de hospedaxe de Pontevedra (ASEHOSPO), CC Carrefour, Alcampo, CC Camelias, CC Praza Elíptica, CC Vialia, CC. Gran Vía, CC Travesía, CC A Laxe e El Corte Inglés.

5.- Tralas citada proposta recibíuse vía Rexistro Xeral as seguintes respostas positivas apoiando a delimitación territorial e o horario:

- 1.- Con data 07/06/2022 a Asociación de Comerciantes y Hosteleros Vigo Centro (doc. 220123625).
- 2.- Con data 07/06/2022 a Secretaría Xeral Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo (CCOO) (doc. 220123794).
- 3.- Con data 07/06/2022 a Unión Xeral de Traballadores (UGT) (doc. 220124012).
- 4.- Con data 07/06/2022 a Asociación de Comerciantes Y Empresarios del Calvario (ACECA) (doc. 220124198).
- 5.- Con data 07/06/2022 a Asociación de Comerciantes do Pau de Navia (NAVIA CCA) (doc. 220124254).
- 6.- Con data 08/06/2022 a Asociación de Comerciantes Zona Teis (doc. 220124459).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 21 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 7.- Con data 08/06/2022 a Federación de Comercio de Pontevedra (doc. 220124573).
- 8.- Con data 08/06/2022 a Asociación de Comerciantes y Hosteleros Vigo Centro (doc. 220124580).
- 9.- Con data 08/06/2022 a Asociación Empresarial da zona Travesas (AETRAVI) (doc. 220124589).
- 10.- Con data 08/06/2022 a Federación de Mercados Centrales de La Comarca de Vigo (MERCACEVI) (doc. 220124739).
- 11.- Con data 08/06/2022 a Cámara de Comercio Pontevedra, Vigo y Vilagarcia de Arousa (doc. 220124958).
- 12.- Con data 08/06/2022 a Asociación de Comerciantes Entorno Xeral (doc. 220125147).
- 13.- Con data 09/06/2022 a Asociación de Comerciantes y Empresarios Zona Torrecedeira (ACEMTO) (doc. 220125983).
- 14.- Con data 09/06/2022 a Confederación Intersindical Galega (CIG) (doc. 220126198).
- 15.- Con data 10/06/2022 a Asociación de Comerciantes y Hosteleros Zona Náutico (doc. 220126765).
- 16.- Con data 10/06/2022 a Asociación de Amas de Casa e Consumo (AGARIMO) (doc. 220127451).
- 17.- Con data 12/06/22 a Asociación Casco Vello Hostelería e Comercio.

Non se recibiu resposta por parte das seguintes entidades:

- 1.- Asociación de Comerciantes Villa de Bouzas
- 2.- Asociación de Comerciantes y Profesionales Zona Príncipe

6.- De acordo coas posibilidades que dá a normativa sinalada, o Concello de Vigo delimita especialmente a súa proposta acoutando os lugares que reciben os turistas de acordo co establecido no artigo 7 do Real decreto Lei 8/2014, do 4 de xullo, concretamente no que se refire ás seguintes circunstancias, que motivan suficientemente a Declaración de Zona de Gran Afluencia Turística:

- a) Existencia dunha concentración suficiente, cuantitativa ou cualitativamente, de prazas en aloxamentos e establecementos turísticos ou ben no número de segundas residencias respecto ás que constitúen a residencia habitual.
- b) Que fose declarado patrimonio da humanidade ou no que se localice un ben inmovible de interese cultural integrado no patrimonio histórico artístico.
- c) Celebración de grandes eventos deportivos o culturais de carácter nacional o internacional.
- d) Proximidade a áreas portuarias en que operen cruceiros turísticos e rexistren unha afluencia significativa de visitantes.
- e) Que constitúan áreas cuxo principal atractivo sexa o turismo de compras.
- f) Cando concorran circunstancias especiais que así o xustifiquen.
- g) Que limiten o constitúan áreas de influencia de zonas fronteirizas.

A tal fin achégase ao expediente a memoria descritiva que motiva a definición do ámbito para a Declaración de Zona de Grande Afluencia Turística, achegando a esta os planos perimetrais da mesma xunto cos datos dos resultados de afluencia turística durante os seis anos do período anterior aportados pola Fundación Convention Bureau.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 22 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Considéranse Zonas de Gran Afluencia Turística, como indica o artigo 9 da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, aquelas áreas coincidentes coa totalidade do concello ou parte do mesmo nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

“Existencia dunha concentración suficiente, cuantitativa ou cualitativamente, de prazas en aloxamentos e establecementos turísticos ou ben no número de segundas residencias respecto ás que constitúen a residencia habitual, que fose declarado patrimonio da humanidade ou no que se localice un ben inmovible de interese cultural integrado no patrimonio histórico artístico, que limiten o constitúan áreas de influencia de zonas fronteirizas, celebración de grandes eventos deportivos o culturais de carácter nacional o internacional, proximidade a áreas portuarias nas que operen cruceiros turísticos e rexistren unha afluencia significativa de visitantes, que constitúan áreas cuxo principal atractivo sexa o turismo de compras e cando concorran circunstancias especiais que así o xustifiquen .

Tramitación procedimental. A tramitación para determinar as Zonas de Gran Afluencia Turística, está recollida no artigo 9 da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, que di:

1. Para determinar as Zonas de Grande Afluencia Turística, exceptuadas do réxime xeral, é precisa a proposta motivada do concello directamente afectado, que será aprobada por maioría absoluta do Pleno, a cal deberá especificar se a exclusión se pide para a totalidade do municipio ou só para unha parte deste, e indicar o período ou os períodos do ano aos que se circunscribe a solicitude e máis a franxa horaria de apertura diaria solicitada, e á que deben achegarse os seguintes informes:

- a) Informe da Cámara de Comercio do ámbito territorial afectado.*
- b) Informe das asociacións ou agrupacións de comerciantes retallistas máis representativas do sector comercial no ámbito territorial afectado.*
- c) Informe das asociacións de consumidores e usuarios máis representativas no ámbito territorial afectado.*
- d) Informe das organizacións sindicais máis representativas no ámbito territorial afectado.*

A Consellería competente en materia de comercio é o órgano que ten atribuída a competencia para aprobar ou denegar a proposta á que se refire a liña 1, logo do informe preceptivo da Dirección Xeral competente en materia de turismo”.

2.- Órgano competente para a adopción deste acordo e o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta de membros da Corporación (artigo 9 da Lei 13/2006, de 27 de decembro), previo ditame da correspondente comisión informativa do Pleno. Con anterioridade a súa adopción deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno (artigos 54.1.b) TRRL e 122.5.e).2º e 123.2 LRBRL).

CONCLUSIÓNS:

Ante a petición de data 25 de febreiro de 2022 Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Economía, Empresa e Industria da Xunta de Galicia e co fin de que non sexa declarada Zona de Gran Afluencia Turística todo término municipal de Vigo preséntase a proposta maiormente consensuada coas distintas organizacións afectadas para adoptar o seguinte acordo...”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 23 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Deseguido o funcionario informante emite a proposta de acordo que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Con data 16 de xuño o secretario xeral do Pleno informa de que o procedemento axústase á normativa de aplicación.

DITAME. A Comisión Informativa de Economía, Empresa, Proxectos, Emprego e Comercio, na súa sesión ordinaria do 22.06.22, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

Incidencias. No momento da votación están ausentes as concelleiras Sra. Silva Rego e Sra. Caride Estévez e o concelleiro Sr. Pardo Espiñeira.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,


ACORDO:

1.- "Solicitar da Consellería de Economía, Empresa e Industria que declare, aos efectos da aplicación do réxime especial de horarios previsto no capítulo III da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, determinadas áreas do municipio de Vigo, como Zona de Gran Afluencia Turística durante os seguintes períodos e días e conforme aos planos que se achegan como anexo i:

1. **Que a zona histórica de Bouzas:** o territorio comprendido dentro do ámbito perimetral definido entre a Avda. Atlántida, a rúa Camilo Veiga, a rúa Simancas e a Avda. Beiramar) forme parte da Zona de Grande Afluencia Turística de Vigo.
2. **Que parte da zona coñecida como Vigo Histórico:** o territorio comprendido dentro do ámbito definido entre as rúas San Francisco, Poboadores, Falperra, Cachamuíña, Paseo de Granada, II República, Porta do Sol, Policarpo Sáenz, García Barbón, Pontevedra, rúa Areal, Concepción Areal, Montero Ríos, Cánovas del Castillo ata San Francisco, forme parte da Zona de Grande Afluencia Turística de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 24 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO
DE VIGO

"ZONA DE GRAN AFLUENCIA TURISTICA ZONA DE BOUZAS"
INTERIOR DO PERIMETRO DA ZONA DELIMITADA

3. Que ambas zonas de Grande Afluencia Turística poidan abrir todo o ano en horario comercial ata as **22:00 horas**".

ANEXO I

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 25 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo


3490-1101

Data impresión: 14/12/2022 09:50

Páxina 26 de 52

CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO
DE VIGO



"ZONA DE GRAN AFLUENCIA TURISTICA DE VIGO" INTERIOR DO PERIMETRO DA ZONA DELIMITADA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 27 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLO DE VIGO

ZONA DE GRAN AFLUENCIA TURISTICA DE VIGO

ZONA HISTORICA DA CIDADE

BARRIO HISTORICO DE BOUZAS

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

6.(117) MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO POLA MELLORA DAS CONDICIÓNS SALARIAIS E LABORAIS DO PERSOAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. PLENO 3449/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de xuño de 2022, número 3449/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

POLA MELLORA DAS CONDICIÓNS SALARIAIS E LABORAIS DO PERSOAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) cumpre un papel esencial dentro da nosa sociedade. Este servizo público, pero cunha xestión privatizada a través de empresas concesionarias, permite proporcionar no propio domicilio unha serie de atencións a aquelas persoas ou familias que o precisen por non serlles posíbel realizar as súas actividades habituais, de modo que se garanta unhas axeitadas condicións de vida.

As traballadoras do SAF desenvolven un amplo abano de tarefas, entre elas: apoiar a socialización, acompañar a visitas terapéuticas, apoiar a hixiene persoal, lavar e pasarlle o ferro á roupa, limpar o fogar ou facer a comida.

Malia ser este servizo esencial para a comunidade, tamén é un dos traballos máis precarios e feminizados que existen. As profesionais do SAF levan denunciando desde hai anos abusos das empresas concesionarias e é obriga da propia administración esixirlles que cumplan cos dereitos das traballadoras.

Neste contexto, as traballadoras do SAF levan máis de dez anos reclamando un convenio digno que até agora non foi negociado. O convenio colectivo vixente contén unha cláusula de revisión salarial do IPC-real. Todos os anos, as traballadoras foron incrementando os seus salarios con esa referencia para non perder poder adquisitivo. Porén, neste ano 2022, as empresas, néganse a pagar o 6,5% do IPC real do ano 2021. No caso do SAF de Vigo a revisión salarial, aplicada unilateralmente pola concesionaria, foi de apenas do 3,1%, o que supón unha perda de poder adquisitivo do 3,4%, á que hai que engadir o efecto da suba disparada da inflación no que vai de ano, que sumado a unhas retribucións de base xa moi baixas se traduce nun importante empobrecemento salarial.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 28 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As empresas non só incumpren o convenio colectivo de ámbito galego, senón tamén os pregos de condicións, onde se explicita a obriga das empresas de cumprir en materia laboral. Neste sentido, é imprescindible que o Goberno Local supervise os contratos que rexen os SAF e que lle demande á empresa concesionaria o cumprimento da legalidade laboral vixente, garantindo os dereitos laborais das traballadoras.

Do mesmo xeito, é necesario que a Xunta de Galiza, como responsábel dos servizos de atención no fogar, se implique para garantir que se cumpran as condicións laborais das traballadoras.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Recoñecer de maneira expresa o gran traballo e a función esencial que desempeñan as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar.

2. Instar a Xunta de Galiza a:

- a Mellorar as condicións dos contratos do SAF incrementando o prezo do servizo co fin de mellorar as condicións laborais das traballadoras e as condicións en que se ofrece este servizo ás familias.
- b Traballar, xunto coas empresas concesionarias e as organizacións sindicais, para que se garanta o cumprimento do Convenio Colectivo de Atención a Domicilio de Galicia, aboando o 6,5% pactado no mesmo (correspondente ao IPC de 2021) e mellorar substancialmente as condicións laborais das traballadoras de axuda no fogar e así dignificar unha profesión tan importante.

3. Instar o Goberno local a:

- a Exixirlle á empresa concesionaria do SAF de Vigo que cumpra co convenio colectivo vixente en materia de revisión salarial, xa que esta é unha cuestión imprescindible para cumprir cos pregos de contratación.
- b Continuar alargando a carteira de servizos do SAF, apostando pola extensión do mesmo a un maior número de persoas usuarias.
- c Estudar a municipalización do servizo para abandonar a xestión privatizada do mesmo

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

PRESIDENCIA: Procédese á votación por puntos.

VOTACIÓN DO PUNTO 1: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, queda aprobado o punto 1.

VOTACIÓN DO PUNTO 2 a) e b): Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 29 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, queda aprobado o punto 2.

VOTACIÓN DO PUNTO 3 a) e b): Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, queda aprobado o punto 3 a) e b).

VOTACIÓN DO PUNTO 3 c): Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitado o apartado c) do punto 3.

ACORDO:

Aprobar parcialmente a moción presentada, en data 9.06.22 (Rex. Nº 3449/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, quedando o acordo do seguinte xeito,

1. Recoñecer de maneira expresa o gran traballo e a función esencial que desempeñan as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar.

2. Instar a Xunta de Galiza a:

a) Mellorar as condicións dos contratos do SAF incrementando o prezo do servizo co fin de mellorar as condicións laborais das traballadoras e as condicións en que se ofrece este servizo ás familias.

b) Traballar, xunto coas empresas concesionarias e as organizacións sindicais, para que se garanta o cumprimento do Convenio Colectivo de Atención a Domicilio de Galicia, aboando o 6,5% pactado no mesmo (correspondente ao IPC de 2021) e mellorar substancialmente as condicións laborais das traballadoras de axuda no fogar e así dignificar unha profesión tan importante.

3. Instar o Goberno local a:

a) Exixirlle á empresa concesionaria do SAF de Vigo que cumpra co convenio colectivo vixente en materia de revisión salarial, xa que esta é unha cuestión imprescindible para cumprir cos pregos de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 30 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b)Continuar alargando a carteira de servizos do SAF, apostando pola extensión do mesmo a un maior número de persoas usuarias.

Incidencia. Auséntanse do Salón de Plenos o Alcalde-Presidente e a concelleira 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, pasado a presidir a sesión o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

7.(118) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOBRE A IMPLANTACIÓN DE POLÍTICAS DE DEFENSA DOS DEREITOS DAS PERSOAS LGTBI+ NO ÁMBITO LOCAL. EXPTE. 3463/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xuño de 2022, número 3463/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

"MOCIÓN SOBRE A IMPLEMENTACIÓN DE POLÍTICAS DE DEFENSA DOS DEREITOS DAS PERSOAS LGTBI+ NO ÁMBITO LOCAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No ano 2021 con motivo do Orgullo, neste mesmo Pleno, os grupos municipais asinábamos unha declaración institucional que, entre outra cousas, manifestaba unha fonda e especial preocupación ante o repunte do discurso do odio e instaba ás institucións e á sociedade civil a intensificar o seu traballo sobre o intercambio de mellores prácticas, ao reforzo e a súa cooperación na loita contra o racismo, a xenofobia, a homofobia, a transfobia e outras formas de intolerancia.

Do mesmo xeito este Pleno apoiaba "todas aquelas accións a todos os niveis territoriais que tivesen por finalidade a promoción da igualdade, especialmente as dirixidas a loitar contra os estereotipos e a mellorar a aceptación social das persoas LGTBI+; recoñecendo de xeito explícito o traballo das organizacións da sociedade civil que traballaban polos dereitos das persoas LGTBI+ e o valor da colaboración coas autoridades locais para poñer fin a calquera discriminación existente e seguir impulsado unhas políticas públicas igualitarias e inclusivas".

Por desgraza, un ano despois, seguimos atravesando tempos de cambios, de convulsión e de incerteza. Os países nos que se foron consolidando as conquistas históricas do colectivo LGTBI+ están en perigo de vivir unha involución política, social e económica. As garantías que nos dan os dereitos conquistados e referendados en lexislacións positivas e cuxa consecuencia se reflicte en sociedades máis tolerantes, xustas e diversas, poden sufrir un revés que nos faga retrotraernos a tempos máis difíciles aos que nunca cremos que corriamos o risco de volver. A guerra de Ucraína e as consecuencias de violencia que comporta, a crise económica que atenaza por varias fronteiras, a crise de valores progresistas en todo Europa son claro exemplo disto.

O auxe dos movementos autoritarios de ultradereita, o populismo conservador e o fascismo, ábrese camiño nunha sociedade asustada e magullada pola crise



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 31 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sanitaria derivada da COVID19 e a incerteza dos tempos que veñen. Estes movementos defenden un ideario político que ten ao colectivo LGTBI+ como un dos seus brancos. En consecuencia, os nosos dereitos están en perigo.

Debemos ser conscientes de que nada do pouco conquistado aínda en materia de dereitos LGTBI+ é irreversible, que nos poden arrebatarnos os dereitos que tanto loitamos por conquistar. Os pasos atrás poden ser sutís e imperceptibles, pero unha vez iniciado ese camiño, a evidencia dinos que o colectivo LGTBI+ pode acabar abeirado, recluído en espazos pechados, "armarizado" socialmente e devaluado, cun status de cidadanía de segunda categoría.

Aínda que quede un gran treito para lograr a plena igualdade, a incorporación á sociedade da diversidade afectiva e sexual como algo natural e lóxico, é necesario, tamén, asumir e reivindicar o logrado ata este momento. Se botamos unha vista ao últimos trinta anos, os logros dun colectivo que durante tanto tempo estivo oculto e foi estigmatizado, como foi o colectivo LGTBI+, foron inmensos.

É nesta idea na que debemos apoiarnos para dar un salto cara a adiante. O que se pide é a meta, o horizonte cara ao que avanzar; o conseguido é o peirao, a forza que debe servir de impulso para alcanzar os novos obxectivos que aínda temos por diante, sen esquecer que, nesta loita, hai que dedicar un gran esforzo a blindar o conseguido. O salto adiante significa que hai que evitar, custe o que custe, dar un só paso atrás.

Ábrese unha etapa difícil e moi dura, e máis, se cabe, debido ao notable aumento de agresións LGTBI fóbricas, do espazo social e institucional que vai gañando a extrema dereita co seu discurso incendiario, mesmo polas incertezas de cambio de ciclo que temos enriba. Os proxectos que se están desenvolvendo en materia de igualdade e de visibilidade en diversas fronte: institucionais, socioeducativas, culturais, etc... poden verse comprometidos polo ascenso ao poder de forzas contrarias á dignidade e os dereitos humanos, polo fascismo de corte moderno e pola expresión violenta nas rúas deste ideario patentizado en forma de agresións e mesmo asasinatos de persoas do colectivo LGTBI+.

Por colectivo LGBTI debe tecer alianzas con outros sectores que están ou van ser golpeados por esta nova versión das vellas camisas pardas. Buscar os puntos de encontro, desenvolver solidariedades, compartir loitas, incorporarnos e incorporar á protesta e á resistencia a todos estes sectores, contribuír, con programa concreto, a fortalecer o programa global que arrincone e derrote ás forzas reaccionarias, aos grupos de interese involucionistas. Á fin e ao cabo, todas as opresións que vivimos sempre nos afectan máis ás persoas traballadoras. Ser LGTBI+ afecta as nosas condicións materiais, tal e como o fan o ser muller, migrante, o ser persoa racializada ou o ter diversidade funcional.

E estas alianzas teñen que desenvolverse tamén no eido institucional, especialmente na administración que máis apegada está ao territorio e á cidadanía como é o ámbito da administración local, ámbito no que as políticas LGTBI+ aínda se desenvolven de xeito tímido e con dotacións orzamentarias insuficientes. Porque queremos ademais de declaracións institucionais, feitos concretos nos orzamentos e nas prácticas políticas locais nesta materia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 32 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Porque non vale co “recoñecemento ou manifestar preocupacións” como habitualmente recollen as declaracións institucionais públicas. Que sendo importantes non centran o debate no que pode realizar un concello en materia de políticas LGTBI+.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: O pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a contribuír, nas competencias que lle son propias, ao desenvolvemento e aplicación de todas as medidas previstas na lexislación vixente contra toda discriminación por orientación sexual, identidade de xénero e diversidade familiar, coa finalidade de erradicar da nosa sociedade calquera tipo de LGTBIfobia no ámbito familiar, escolar, laboral, social e/ou político dotando de asignación orzamentaria suficiente nos orzamentos municipais anuais.

SEGUNDO: O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a realizar unha campaña que visibilice a diversidade de orientacións e identidades de xénero non normativas e a que reforce notablemente as conmemoracións principais do movemento LGTBI+: como o 17 de maio (día internacional contra a LGTBIfobia) e o 28 de xuño (día do Orgullo e a Liberación LGTBI+).

TERCEIRO: O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a dotar ás bibliotecas públicas con fondos bibliográficos relacionados coa homosexualidade, a bisexualidade, a transexualidade e a intersexualidade desde actitudes de respecto e non discriminación e un enfoque de diversidade e Dereitos Humanos.

CUARTO: O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno municipal a poñer en marcha programas de formación para o persoal de Administración Pública Local, con especial atención a quen traballa en contacto coa cidadanía, e para a Policía Local para que conte con ferramentas para prever e detectar casos de delitos por razón de orientación sexual, identidade e expresión de xénero.

QUINTO: O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia e á Concellaría de Igualdade e á de educación local a colaborar cos centros educativos da cidade para o desenvolvemento dunha campaña que loite contra o acoso escolar, que xa é unha realidade cotiá para moitas e moitos adolescentes, afectando ao desenvolvemento da súa personalidade, ás súas expectativas, orientacións e vivencias afectivo-sexuais. A Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación non se está a cumprir e require maior compromiso e recursos máis aló dos que consigna a administración competente en materia educativa que é a Xunta de Galicia polo que, dende o local, é perfectamente posible sumarnos á convivencia en igualdade, facilitándolle á xuventude o acceso a servizos e recursos prácticos para combater os comportamentos baseados na LGTBIfobia e no odio ás persoas lésbicas, gais, transexuais e/ou bisexuais. Todo enmarcado nunha estratexia galega e local contra a LGTBIfobia, o bullying e a violencia machista nas escolas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 33 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SEXTO: O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno central a que promova a aprobación dunha Lei de igualdade de trato e contra a discriminación de persoas LGTBI+, que loite contra a discriminación no ámbito educativo, laboral, sanitario, na esfera pública... e a que se acompañe esta Lei dunha dotación orzamentaria que posibilite a aplicación real da mesma.

SÉTIMO: O pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno central a que promova definitivamente a aprobación dunha Lei Estatal Trans que harmonice os criterios das leis autonómicas existentes, recoñecendo a autodeterminación do xénero e a despatoloxización da transexualidade.

OITAVO: O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local á creación dunha unidade de traballo dentro da oficina de Valedor do Cidadán que analice, estude e promocióne que a administración local este adaptada a unha sociedade diversa, inclusiva e igualitaria. Do mesmo xeito supervisará de oficio calquera tipo de atentado á persoas do colectivo LGTBI+.

NOVENO: O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a aumentar os recursos e concretar unha política de promoción da inclusión laboral das persoas LGTBI+, aprobando un paquete de medidas fiscais e laborais que incentiven a contratación e/ou o autoemprego do colectivo de persoas LGTBI+, con especial incidencia nas persoas transexuais.

DECIMO: O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a artellar un plan de protección da terceira idade LGTBI+, ao desenvolvemento dun plan de visibilidade e protección das persoas maiores LGTBI+ xunto ao desenvolvemento de medidas para que as residencias/centros de día sexan respetuosos e con persoal formado."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a concelleira Sra. Caride Estévez.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, e dezasete abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 22.06.22 (Rex. Nº 3463/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 34 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.(119) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A TRANSFERIR O ANTES POSIBLE Á XUNTA DE GALICIA A XESTIÓN DE TÓDALAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE. EXPTE. PLENO 3464/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2022, número 3464/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN RELACIÓN A TRANSFERENCIA DA COMPETENCIA SOBRE A XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE

Alfonso Marnotes González, voceiro do G.M do P.P. no Concello de Vigo presenta para o seu debate na vindeira sesión do Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Por esta razón, Galicia leva solicitando nos últimos anos ao Goberno central o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre. Os límites do concello de Vigo esténdense ao longo de 46 km de costa.

Principalmente, desde a comunidade galega reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Esta transferencia permitiríalle a Galicia xestionar as autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre, como acontece nas comunidades de Andalucía e Cataluña e como se está a negociar tamén co País Vasco.

Este traspaso tamén facilitaría a simplificación de trámites e evitaría a duplicidade que pode chegar a provocar a existencia de dous niveles administrativos nesta zona e tomar decisións máis axeitadas.

Cómpre lembrar que na franxa do litoral están asentadas preto de 4.000 edificacións de 82 municipios e que Galicia e que, ademais, a transferencia da xestión permitiría rematar cos constantes ataques que vén recibindo por parte do Goberno central o complexo mar-industria galego.

En definitiva, é indispensable para Galicia contar con esta transferencia, tendo en conta que a comunidade e os concellos do litoral son os que dispoñen dun maior grao de coñecemento da realidade do litoral galego e do valor que supón o seu patrimonio.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 35 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno central a transferir o antes posible á Xunta de Galicia a xestión de todas as competencias en materia de dominio público marítimo-terrestre".

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, e vinte e unha abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 23.06.22 (Rex. Nº 3464/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

9.(120) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A NON SUSPENDER NINGÚN SERVIZO SANITARIO DOS QUE SE PRESTAN EN ATENCIÓN PRIMARIA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3465/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2022, número 3465/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. Lopez Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A situación da Atención Primaria en Galicia é realmente deplorable e especialmente na área Sanitaria de Vigo.

Este Pleno, de forma reiterada, instou ao goberno de Galicia a adoptar as medidas que solucionen o problema estrutural que se arrastra desde hai anos e que impide dar un servizo adecuado á cidadanía en materia sanitaria. Non só non se adoptaron medidas senón que a situación empeora día a día.

Son os propios profesionais da Sanidade pública os que están a demandar a adopción de medidas, os que denuncian que "non se poden atender a 100 pacientes ao día" e a saturación do seu traballo, a falta de contratacións de persoal que, a maiores, motiva que os novos facultativos e persoal de enfermería "emigren" fóra de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 36 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Coa chegada do verán, esta situación agrávase. Ao habitual peche de camas, que se produce cada ano e que en Vigo cífrase ao redor de 180, engádese este ano a intención da Xerencia da área viguesa de pechar consultas en xornada de tarde nos Centros de Saúde de Navia, Lavadores e a atención pediátrica no Centro de Coia.

Enténdese que esta nefasta medida está avalada polo Conselleiro de Sanidade e é o momento, antes de que se produzan feitos consumados, de opoñernos a esa medida por prexudicar gravamente a calidade asistencial e reclamar desde este Pleno que non se tome en consideración esta proposta e mantéñase a situación actual.

Dada a situación de mala asistencia sanitaria que padecemos na área sanitaria de Vigo non se pode reducir ningún servizo nin cama nin consulta amparándose nas datas de verán, e é polo que se propón ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte o seguinte

ACORDO

Instar o Goberno da Xunta de Galicia a non suspender ningún servizo sanitario, nin redución de camas e manter as mesmas consultas e horarios, que veñen realizando neste momento, durante os meses de verán. Para iso débese proceder á contratación de persoal que reivindicán os profesionais da Sanidade de forma reiterada.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 23.06.22 (Rex. Nº 3465/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos a concelleira Sra. Egerique Mosquera.

10.(121) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A IMPLANTAR DE FORMA INMEDIATA NOS XULGADOS DE INSTRUCCIÓN DE VIGO AS GARDAS DE 24 HORAS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3466/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 37 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2022, número 3466/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A implantación das gardas de 24 horas é unha reivindicación histórica e unánime da cidade de Vigo, compartida por todos os operadores xurídicos e acordada polas Xuntas de Xuíces e Xuízas de Instrución de Vigo dende hai máis de 10 anos.

O propio TSXG, a Fiscalía, os Letrados da Administración de Xustiza, as asociacións de xuíces, de avogados, de procuradores, organizacións sindicais se teñen pronunciado de forma reiterada a favor da medida en reiteradas ocasións.

O Regulamento 1/2005, regula no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volumen de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza (...) previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrucción.

Cumpridos dabondo todos os requisitos legais, con pronunciamentos reiterados de todos os operadores xurídicos a favor deste medida, coa asunción do compromiso por parte do Goberno de España, que ten consignado nos Presupostos Xerais do Estado para 2022 a partida orzamentaria para cumprir este compromiso, a Xunta de Galicia volve a negarse a implantar esta medida tan necesaria para garantir os dereitos das vítimas, dos xusticiables e tamén dos traballadores da administración de xustiza.

Dez anos de excusas diversas por parte da Xunta de Galicia, para retrasar, obstaculizar e denegar a implantación das gardas de 24 horas, que se teñen amosado eficaces no resto do territorio. Unha vez máis, a Xunta de Galicia, discriminando a Vigo. Vigo e A Coruña, os únicos partidos xudiciais de toda España con 8 xulgados de instrucción que non teñen gardas de 24 horas.

O Ministerio de Xustiza asumiu no seu día este compromiso e o plasmou nos Orzamentos Xerais do Estado, recoñecendo que esta medida melloraría a calidade do servizo para a cidadanía.

Agora, despois da marcha de Feijoo a Madrid, e cun novo goberno do PP na Xunta de Galicia, un novo mazazo para os servizos públicos.

O Vicepresidente segundo da Xunta de Galicia, ven de afirmar estes días que descarta as quendas de 24 horas en Vigo e A Coruña porque "non hai presión nos xulgados" (sic). Vigo conta con máis de 20.000 causas pendentes nos xulgados.

Con esta medida, preténdese rematar cunha discriminación histórica e que se equipare a Vigo co resto das cidades do Estado, xa que o partido xudicial de Vigo (xunto co de A Coruña) son os únicos de toda España con 8 xulgados de instrucción que carecen deste sistema de gardas de 24 horas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 38 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Este sistema permitiría facer fronte ao traballo cunha maior axilidade ao estar abertos os xulgados de garda as 24 horas, o que redundaría na mellora do servizo público de Xustiza en favor dos cidadáns e facilitaría a conciliación laboral e familiar dos traballadores e, ademais, un sistema moitísimo máis garantista coas persoas detidas.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Excma. Corporación municipal que adopte os seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia a implantar de forma inmediata nos xulgados de instrución de Vigo as gardas de 24 horas, dotando aos ditos xulgados dos medios persoais e materiais axeitados e necesarios, rematando con esta discriminación histórica con respecto ao resto de partidos xudiciais de similares características do Estado, que xa teñen implantado este sistema”.

2. Instar á Xunta de Galicia a dar explicacións formais a este partido xudicial das razón desta negativa xa confirmada polo Vicepresidente Segundo de Xunta de Galicia, a pesar dos informes favorables de todos os operadores xurídicos que xa emitiron o seu informe preceptivo positivo a esta medida, en reiteradas ocasións.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 23.06.22 (Rex. Nº 3466/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

11.(122) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A CONTRIBUÍR ECONOMICAMENTE Á REFORMA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓS NA MESMA PROPORCIÓN QUE O CONCELLO DE VIGO E DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. EXPTE. 3467/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 39 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2022, número 3467/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A reforma do Estadio Municipal de Balaídos é a actuación máis importante en remodelación de instalacións deportivas en toda Galicia.

O Estadio Municipal de Balaídos, emblema da cidade polo que representa o Real Club Celta de Vigo, reformouse en 1.982 e desde esa data non se acometeron ningún tipo de reformas.

É evidente que a cidade e o Real Club Celta de Vigo necesitaban un estadio moderno á altura dos tempos actuais. O Concello de Vigo, consciente desta situación, abordou a reforma do estadio cun proxecto ambicioso que colocase a Balaídos entre os mellores estadios de España.

No importante investimento económico que supón esta actuación, inicialmente financiada en exclusividade polo Concello, incorporouse a Deputación de Pontevedra que ao longo do últimos sete anos vén realizando importantes achegas económicas. A día de hoxe, todo o realizado no Estadio Municipal de Balaídos foi posible coas achegas económicas de Concello de Vigo e Deputación de Pontevedra, exclusivamente.

O goberno da Xunta de Galicia do PP, desde o primeiro momento negouse a colaborar economicamente no novo estadio. A diferenza doutros estadios en Galicia, nos que se achegou dotación económica, o goberno de Galicia do PP dálle novamente as costas á cidade e ao Real Club Celta de Vigo.

Congratúlanos que a Xunta de Galicia apoiase e apoie actualmente a construción e remodelación doutros estadios, por iso entendemos que debe actuar da mesma maneira na reforma do Estadio Municipal de Balaídos e non deixar sós a Concello de Vigo e Deputación de Pontevedra.

O goberno da Xunta de Galicia, que preside Alfonso Rueda, debe involucrarse como goberno de todos os galegos na construción do novo Estadio Municipal de Balaídos, polo menos na mesma medida de achega económica que a que realizaron e teñen previsto realizar o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra e é polo que se propón ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte o seguinte

ACORDO

- Instar o Presidente da Xunta de Galicia a contribuír economicamente á reforma do Estadio Municipal de Balaídos na mesma proporción que Concello de Vigo e Deputación de Pontevedra, tanto no investido ata o momento como nas achegas que faltan por realizar ata a finalización da reforma do estadio, consignando as partidas orzamentarias correspondentes nos Orzamentos da Xunta de Galicia."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 40 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 23.06.22 (Rex. Nº 3467/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

12.(123) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INTRODUCIR UNHA PARTIDA DE 3 MILLÓNS DE EUROS ANUAIS EMPEZANDO POLO ORZAMENTO DO PRÓXIMO ANO PARA A RENOVACIÓN DE TÓDALAS PISTAS POLIDEPORTIVAS DOS COLEXIOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 3468/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2022, número 3468/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Nos últimos anos son numerosos os centros que se dirixen ao Concello de Vigo solicitando a renovación das pistas polideportivas, cubrición dos patios, renovación patios infantil, reforma de baños, sabendo que este Concello, é a única Administración que está a atender as súas demandas.

O goberno de Vigo comprometese máis alá das súas competencias, con algo tan importante como é a Educación. Adícanse moitos recursos e esforzos para mellorar as instalacións educativas públicas da nosa cidade, pero ese compromiso ten que verse tamén na Administración Autonómica, na Xunta de Galicia.

No caso concreto das pistas polideportivas, o Concello de Vigo, leva anos renovando estas infraestruturas ante a alta demanda dos centros educativos e ante o pésimo estado deses equipamentos deportivos.

Este tipo de actuacións son competencia única e exclusiva da Xunta de Galicia pero está a ser o Concello, unha vez mais, a administración que está a asumindo a súa renovación total.

As pistas polideportivas son fundamentais para o desenvolvemento de diferentes actividades deportivas, diferentes celebracións e tamén como espazos de desfrute



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 41 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e socialización. O deporte é sinónimo de vida saudable, aumento da autoestima e fomento do traballo en equipo.

Todas as pistas que se veñen renovando por parte do Concello de Vigo son pistas que teñen mais de 40 anos e o seu estado é lamentable. Unha pista nesas condicións ademais de facer imposible a práctica axeitada de diferentes deportes, é un risco para a integridade física dos nenos e nenas.

O goberno de Abel Caballero está a asumir unha vez mais actuacións nos centros educativos que son competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

Este goberno municipal considera imprescindibles unhas instalacións axeitadas, que permitan completar e diversificar a oferta formativa dos centros escolares.

O 25 de Maio de 2022 a Xunta publicou unhas bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais para a adecuación de pistas polideportivas. Unha subvención a todas luces insuficiente e que limita a un proxecto por solicitude.

Unha vez mais queda claro o nulo compromiso da Xunta de Galicia coa educación da nosa cidade.

É por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a introducir unha partida 2 millóns de euros para a renovación total de todas as pistas polideportivas dos colexios da cidade de Vigo que están en mal estado."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente o Segundo Tenente de Alcalde , Sr. Pardo Espiñeira e pasa a presidir a sesión a concelleira, Sra. Espinosa Mangana.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 23.06.22 (Rex. Nº 3468/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 42 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

13.(124) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A FACER, URXENTEMENTE, UNHA REVISIÓN DAS ESTRUTURAS DE TÓDOLOS EDIFICIOS ESCOLARES DA CIDADE DE VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 3469/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2022, número 3469/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A maior parte dos centros públicos de Infantil e Primaria da nosa cidade foron construídos entre 1970 e 1980. Falamos dunhas instalacións educativas de máis de 40 anos.

A antigüidade dos centros está a provocar numerosas queixas da comunidade educativa da nosa cidade, que ven reclamando á Xunta de Galicia a reforma integral dos centros educativos co fin de mellorar unhas instalacións que están totalmente abandonadas pola administración autonómica.

As instalacións educativas da cidade de Vigo precisan de investimento que contribúa a manter uns estándares axeitados de calidade e seguridade.

O grupo municipal socialista ten presentado numerosas mocións nos últimos anos instando á Xunta de Galicia a asumir as súas competencias e acometer reformas de calado nos centros educativos públicos de infantil e primaria da cidade de Vigo. Temos denunciado o abandono total dos centros educativos e o risco que supón para a comunidade educativa o mal estado das instalacións educativas de maior idade, que son a gran maioría.

É o Concello de Vigo a administración que está a asumir a mellora dos colexios públicos da nosa cidade ante a pasividade da Xunta de Galicia.

O pasado 31 de maio tivemos coñecemento do derrubamento dun teito do CEIP Seis do Nadal, logo de desprendérense as partes inferiores das bovedillas cerámicas que constitúen o forxado do teito. Un feito moi grave que, por fortuna, non tivo consecuencias para os membros da comunidade educativa do citado centro.

Os informes elaborados polos arquitectos municipais e a arquitecta da Xunta de Galicia coincidiron en sinalar que os desprendementos producidos pertencen a elementos estruturais, polo tanto, competencia da Xunta de Galicia.

Sucesos coma este poñen de manifesto a necesidade urxente de revisar as instalacións educativas e de acometer reformas integrais dos centros co fin de garantir unhas instalacións do século XXI e principalmente a seguridade dos membros da comunidade educativa da cidade de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 43 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS

- Instar á Xunta de Galicia a facer, urxentemente, unha revisión das estruturas de todos os edificios escolares da cidade de Vigo, co fin de evitar graves incidentes como o acontecido no CEIP Seis do Nadal.
- Instar a Xunta de Galicia a abordar a reforma integral de centros educativos públicos da Cidade de Vigo, asumindo así ás súas competencias e atendendo a demanda da comunidade educativa da nosa cidade."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópanse ausentes o Segundo Tenente de Alcalde , Sr. Pardo Espiñeira e preside a sesión a concelleira, Sra. Espinosa Mangana, tamén a concelleira Sra. Rodriguez Calviño.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 23.06.22 (Rex. Nº 3469/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

14.(125) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 14.05 AO 16.06.22. EXPTE. 1238/1102. (EXPTE.PLENO 3461/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 14.05.22 ao 16.06.22) incluídas no expediente 1238/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.



Copia do documento - Concello de Vigo
3490-1101

Data impresión: 14/12/2022 09:50 Páxina 44 de 52
CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

15.(126) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 14.05 AO 16.06.22. EXPTE. 1239/1102. (EXPTE.PLENO 3462/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 14.05.22 ao 16.06.22) incluídas no expediente 1239/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

16.(127) DAR CONTA DA MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA CONCELLEIRA-DELEGADA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 601/1102. (EXPTE. PLENO 3433/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta do Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 19 de maio de 2022, transcrito a continuación,

"2.- MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA CONCELLEIRA-DELEGADA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta do o informe-proposta do 12/05/2022, asinado pola secretaria de Admón. Municipal, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019 e 5.09.2019, 22.04.2021, 21.06.2021 e 10.03.2022 adoptou acordo de delegación de determinadas atribucións nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019.

As dinámicas de funcionamento municipal, a necesidade de imprimir axilidade na tramitación dos expedientes de contratación aconsellan delegar na concelleira delegación de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal as competencias en materia de consulta preliminar de mercado e incoación de expedientes de resolución dos contratos.

E por isto polo que procede formular á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019 e 5.09.2019, 22.04.2021, 21.06.2021 e 10.03.2022 e engadir un apartado noveno e décimo resultando o seguinte "Primeiro punto V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 45 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.
8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.
9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)
10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.

Segundo.- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 46 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de maio de 2022

FORMULACIÓN DE ROGOS.

17.(128) Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que o goberno municipal cumpra co compromiso adquirido coa comunidade educativa para permitir a utilización das instalacións interiores do pavillón deportivo de Romil ao alumnado do CEIP Doutor Fleming.

18.(129) Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa. Rogamos a este goberno municipal, que faga cumprir o acordo plenario do 20 de marzo de 2010 onde se comprometeron cos traballadores e traballadoras da antiga Bernardo Alfageme de defender os seus dereitos e de ser resarcidos economicamente con cargo as débedas contraídas con eles polos propietarios dos terreos no momento do seu desenvolvemento urbanístico dos terrenos da antiga factoría.

19.(130) Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. Se nos informe de cando ingresaron no concello as indemnizacións a que veñen condenadas as persoas responsables do enchufe da cuñada de Carmela Silva.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

20.(131) Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. ¿Vai adoptar algunha medida o Concello de Vigo diante da negativa da empresa adxudicataria do servizo de limpeza dos colexios públicos a aplicar a actualización salarial prevista no convenio colectivo?

21.(132) Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes. ¿Cando vai tomar o Goberno local medidas urxentes ante os datos científicos que sitúan Vigo como a cidade galega con peor calidade do aire?.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 47 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

22.(133) Pregunta formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. ¿Ten coñecemento o goberno municipal da celebración dunha comida de apoio ao Sr. Gutierrez Orúe e da asistencia de polo menos un concelleiro do goberno?.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Xuño
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 29 de Junio de 2022 14:25:00
Fecha Fin : Miércoles, 29 de Junio de 2022 18:26:50
Duración : 04:01:50

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3207

- Media (MASTER)

SHA512 -
b773516c37ac2c47fde395bcdabaff01124b556c162301f70de4a0041060b1b023855f8d
a43a3f58c2bc29ed5b7f08147c8a978871ded81cfc1efca75577ac89d

- Minutaje

- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier;
- 00:00:28 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:00:47 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 25 de maio de 2022Declaracións institucionais.
- 00:01:26 : 2. Declaración Institucional con motivo do Día Internacional doOrgullo LGTBI 28 de xuño 2022. Expte. Pleno 3439/1101.
- 00:01:44 - Interventor
- 00:06:56 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:07:48 : 3. Aprobación inicial da Modificación da Ordenanza fiscal reguladoras taxas pola prestación do servizo das escolas de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/12/2022 09:50

Páxina 48 de 52

3490-1101

CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- primeiraetapa de educación infantil. Expte. 2887/500 (Expediente Pleno3448/1101).
- 00:08:04 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:13:04 - Caballero Álvarez, Abel
 00:13:10 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:15:14 - Pérez Correa, Rubén
 00:20:23 - Caballero Álvarez, Abel
 00:20:27 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:25:11 - Caballero Álvarez, Abel
 00:25:15 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:28:19 - Caballero Álvarez, Abel
 00:28:27 - Votación [9:38:17]
- 00:28:49 : 4. Aprobación da Conta Xeral do Concello de Vigo e do OrganismoAutónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondenteao ano 2021. Expte. 216/143 (Expediente Pleno 3452/1101).
- 00:29:02 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:34:05 - Caballero Álvarez, Abel
 00:34:10 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:36:19 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:36:22 - Caballero Álvarez, Abel
 00:36:26 - Pérez Correa, Rubén
 00:41:32 - Caballero Álvarez, Abel
 00:41:39 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:46:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:46:54 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:49:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:50:08 - Votación [9:59:59]
- 00:50:34 : 5. Proposta para solicitar da Consellería de Economía, Empresa eIndustria a declaración de determinadas áreas do municipio deVigo como Zona de Gran Afluencia Turística. Expediente8743/106 (Expte. Pleno 3454/1101).
- 00:50:34 - Rivas González, Angel
 00:56:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:56:18 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:58:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:58:33 - Pérez Correa, Rubén
 01:03:22 - Caballero Álvarez, Abel
 01:03:25 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:08:31 - Caballero Álvarez, Abel
 01:08:35 - Rivas González, Angel
 01:11:40 - Caballero Álvarez, Abel
 01:11:50 - Votación [10:21:41]
- 01:13:43 : 6. Moción do concelleiro membro non Adscrito pola mellora dascondicións salariais e laborais do persoal do Servizo de Axuda no Fogar. Expte. Pleno 3449/1101.
- 01:13:55 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:15:57 - Caballero Álvarez, Abel
 01:16:01 - Pérez Correa, Rubén
 01:21:10 - Caballero Álvarez, Abel
 01:21:14 - Lopez Roman, Patricia
 01:24:51 - Caballero Álvarez, Abel
 01:24:58 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:30:03 - Caballero Álvarez, Abel
 01:30:12 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:30:31 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:30:56 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:31:17 - Caballero Álvarez, Abel



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 49 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:31:21 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:31:23 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:31:30 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:31:42 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:31:59 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:32:15 - Caballero Álvarez, Abel
 01:32:19 - Votación [10:42:10]
- 01:35:05 : 7. Moción do grupo municipal Mixto sobre a implantación depolíticas de defensa dos dereitos das persoas LGTBI+ no ámbito local. Expte. 3463/1101.
 01:35:14 - Méndez Fuentes, Oriana
 01:40:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:40:30 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:42:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:42:40 - Lopez Roman, Patricia
 01:46:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:46:08 - Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
 01:50:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:50:17 - Méndez Fuentes, Oriana
 01:53:10 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:53:16 - Votación [11:03:07]
- 01:53:42 : 8. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando aoGoberno central a transferir o antes posible á Xunta de Galicia axestión de tódalas competencias en materia de dominio públicomarítimo-terrestre. Expte. Pleno 3464/1101.
 01:54:02 - Egerique Mosquera, Teresa
 01:58:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:59:03 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:01:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:01:18 - Pérez Correa, Rubén
 02:06:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:06:28 - Espinosa Mangana, Elena
 02:11:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:11:31 - Egerique Mosquera, Teresa
 02:14:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:14:47 - Votación [11:24:38]
- 02:15:18 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galiciaaa non suspender ningún servizo sanitario dos que se prestan enAtención Primaria e outros acordos complementarios. Expte.Pleno 3465/1101.
 02:15:33 - López Font, Carlos
 02:20:44 - Espinosa Mangana, Elena
 02:20:48 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:22:59 - Espinosa Mangana, Elena
 02:23:02 - Méndez Fuentes, Oriana
 02:25:52 - Espinosa Mangana, Elena
 02:25:57 - Egerique Mosquera, Teresa
 02:30:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:30:28 - López Font, Carlos
 02:33:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:33:37 - Votación [11:43:27]
- 02:33:57 : 10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galiciaaa implantar de forma inmediata nos xulgados de instrución deVigo as gardas de 24 horas e outros acordos complementarios.Expte. Pleno 3466/1101.
 02:34:12 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:38:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 50 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:38:45 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:40:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:41:00 - Pérez Correa, Rubén
 02:45:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:45:28 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:50:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:50:21 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:53:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:53:07 - Votación [12:02:58]
- 02:53:37 : 11. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a contribuír economicamente á reforma do Estadio Municipal de Balaídos na mesma proporción que o Concello de Vigo e Deputación de Pontevedra. Expte. 3467/1101.
- 02:58:59 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:01:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:01:11 - Pérez Correa, Rubén
 03:05:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:05:56 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:11:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:16:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:16:44 - Votación [12:26:34]
- 03:17:19 : 12. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a introducir unha partida de 3 millóns de euros anuais empezando polo orzamento do próximo ano para a renovación das pistas polideportivas dos colexios da cidade de Vigo. Expte. Pleno 3468/1101.
- 03:17:26 - Gomez Díaz, Gorka
 03:22:55 - Espinosa Mangana, Elena
 03:22:59 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:25:10 - Espinosa Mangana, Elena
 03:25:14 - Pérez Correa, Rubén
 03:30:20 - Espinosa Mangana, Elena
 03:30:25 - Lopez Roman, Patricia
 03:33:10 - Gomez Díaz, Gorka
 03:36:14 - Espinosa Mangana, Elena
 03:36:20 - Votación [12:46:11]
- 03:36:56 : 13. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a facer, urxentemente, unha revisión das estruturas de todos os edificios escolares da cidade de Vigo e outros acordos complementarios. Expte. 3469/1101.
- 03:37:10 - Gomez Díaz, Gorka
 03:42:18 - Espinosa Mangana, Elena
 03:42:22 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:44:33 - Espinosa Mangana, Elena
 03:44:35 - Pérez Correa, Rubén
 03:49:07 - Espinosa Mangana, Elena
 03:49:09 - Lopez Roman, Patricia
 03:54:19 - Espinosa Mangana, Elena
 03:54:23 - Gomez Díaz, Gorka
 03:56:38 - Espinosa Mangana, Elena
 03:56:52 - Gomez Díaz, Gorka
 03:58:12 - Espinosa Mangana, Elena
 03:58:28 - Votación [13:08:19]
- 03:59:05 : 14. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 14.05 ao 16.06.22. Expte. 1238/1102. (Expte. Pleno 3461/1101).
- 03:59:14 : 15. Dar conta de resolucións asinadas por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 51 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concelleiros/asdelegados/as, dende o 14.05 ao 16.06.22. Expte. 1239/1102.(Expte.Pleno 3462/1101).

- 03:59:22 : 16. Dar conta da modificación da delegación de competencias daXunta de Goberno Local na concelleira-delegada de Contratación,Patrimonio e Xestión Municipal. Expte. 601/1102. (Expte. Pleno3433/1101).
- 03:59:35 : 17. Formulación de rogos.
- 03:59:40 - Pérez Iglesias, Xabier
- 03:59:56 - Espinosa Mangana, Elena
- 03:59:58 - Pérez Correa, Rubén
- 04:00:19 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 04:00:33 - Espinosa Mangana, Elena
- 04:00:37 : 18. Formulación de preguntas.
- 04:00:37 - Pérez Iglesias, Xabier
- 04:00:54 - Espinosa Mangana, Elena
- 04:00:57 - Méndez Fuentes, Oriana
- 04:01:11 - Espinosa Mangana, Elena
- 04:01:15 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 04:01:29 - Espinosa Mangana, Elena

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e cinco minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 10/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.
am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Abel Caballero Álvarez
Javier Pardo Espiñeira

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2022 09:50	Páxina 52 de 52
3490-1101	CSV: A2A1BH-CEACD4-3F815B-AYFCLH-VTPJML-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		